

**PREGUNTA DE AER SOBRE A CASA DA XUVENTUDE DE CHAPELA** (Rex. Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-9)

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

*Nos medios de comunicación do 3 de febreiro de 2019 aparece unha nova sobre a vía verde de Chapela. Nesta nova fálase que a vía verde incluírá unha casa da xuventude. Respecto a esta casa da xuventude o goberno local en ningún momento deu información algunha (iso sería transparencia) e tampouco se falou dentro das reunións do Redondela 2020, con cuxos fondos vaise financiar a construción da vía verde.*

***Poderíannos informar acerca desta casa da xuventude, con que fondos se realizarían as actuacións necesarias e cal sería o modelo de xestión e uso?***

*Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva resposta que se fixo unha petición no ano 2017, solicitouse este espazo para a cesión ao ADIF, están esperando a que conteste, a realidade que se vai facer é a senda verde, tamén se fará un espazo para o museo do ferrocarril. Para a cosignación presupostaría teñen que ter primeiro cedido o edificio.*